

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

*ORDE do 26 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente, no ámbito das universidades do Sistema universitario de Galicia, pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2025 (códigos de procedemento ED481A e IN606A).*

O estímulo ás actividades de investigación supón unha área estratéxica do Goberno galego dentro da cal a formación do persoal investigador nas etapas iniciais da súa formación representa un paso fundamental na configuración da política científica, en xeral, e da carreira investigadora, en particular, e o doutoramento representa o inicio da carreira investigadora, en liña co establecido na Carta Europea do Investigador (EEE/2005/251/CE), na cal se define o persoal investigador como o conxunto de profesionais que traballan na xeración de novos saberes, coñecementos, produtos, procesos, métodos e técnicas.

O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e da sociedade galegas. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e os esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais, e, pola outra, reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, ao redor dos cales articula os instrumentos e actuacións que se van desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. Estes instrumentos poden ser horizontais en relación cos retos e prioridades da RIS3. O obxectivo estratéxico 4 aposta polas persoas como activo principal para abordar as prioridades de



especialización de Galicia, xerando, retendo e atraendo talento en igualdade. Esta convocatoria potenciará as traxectorias de investigación vinculadas aos retos e prioridades definidos na estratexia.

En consecuencia, esta convocatoria enmárcase na RIS3 respondendo aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico desenvolver o talento das persoas (obxectivo estratéxico 4), e intégrase, polo tanto, no programa Persoas.

Segundo o programa de apoio á etapa predoutoral, a contratación de persoal nas súas etapas iniciais constitúe a base para que, mediante procesos formativos estables, se adquiran as habilidades propias do persoal investigador, e, ademais, permite lograr que o sistema acade unha dimensión dos seus recursos humanos de investigación comparable a outros países europeos.

Nesta convocatoria a axuda ten catro anos de duración segundo o establecido como tempo máximo de duración do contrato predoutoral no artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e no Real decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación. Así mesmo, no marco do contrato predoutoral poderase desenvolver un período de orientación posdoutoral, por un máximo de doce meses e unha vez obtido o título de doutor/a, orientado ao perfeccionamento e á especialización profesional do persoal investigador, todo iso conforme a nova redacción dada ao artigo 21.a) da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, como resultado da súa reforma a través da Lei 17/2022, do 5 de setembro.

As axudas ás universidades do SUG estarán cofinanciadas parcialmente, nunha porcentaxe do 60 % pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, dentro do obxectivo político 4: Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais; prioridade 3: Educación e formación; obxectivo específico ESO4.6: Promover a igualdade de acceso a unha educación e unha formación de calidade e inclusivas e a súa culminación, en particular para os colectivos desfavorecidos, desde a educación infantil, pasando pola educación e a formación xerais e profesionais, ata a educación superior, así como a educación e a aprendizaxe dos adultos; así mesmo, facilitar a mobilidade educativa para todos e a accesibilidade das persoas con discapacidade, e medida 3.F.01: Axudas á formación predoutoral.

En consecuencia, para as ditas axudas é de aplicación e debe darse debido cumprimento á seguinte normativa específica: Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Euro-



peo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta, ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados; Regulamento (UE) nº 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1296/2013, e na Orde TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

Ademais, incorpórase o establecemento de métodos de custos simplificados para a parte cofinanciada polo programa FSE+ Galicia 2021-2027, conforme o disposto no Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

A convocatoria presta especial atención a que as persoas participantes neste programa contén co maior apoio posible para completar a súa formación, polo que se inclúe o financiamento dunha estadía de tres meses de duración no estranxeiro, que lles permitiría acadar a mención de doutora ou doutor internacional sempre que cumpran todos os requisitos establecidos no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.

A convocatoria cumpre co establecido na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, para garantir a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes en todos os procesos de avaliación e/ou selección do persoal investigador. Por isto, as axudas que se regulan nesta convocatoria adoptan medidas específicas para fomentar a igualdade.

De acordo coa modificación da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, inclúese unha axuda que permite cubrir o custo da indemnización por expiración do tempo convido do contrato laboral que asinen coas entidades beneficiarias as persoas contratadas ao abeiro desta convocatoria.

Como novidade, auméntase a dotación orzamentaria desta convocatoria para o financiamento dos contratos. Por outra banda, mantense a dotación orzamentaria para axudar aos gastos asociados á realización do programa de doutoramento (complementos formativos e titoría da tese de doutoramento).



Esta orde tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, para o cal existe crédito adecuado e suficiente no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, aprobado o 17 de outubro de 2024 polo Consello da Xunta.

Co fin de harmonizar o exercicio das competencias que en materia de I+D+i teñen atribuídas a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Axencia Galega de Innovación, adscrita á mesma consellería, na procura de sinerxías, considérase de interese a realización de convocatorias conxuntas dunha convocatoria unificada que axuden a consolidar un sistema de I+D+i suficientemente sólido como para garantir o desenvolvemento social e a competitividade económica.

Atendendo a estas consideracións xerais, e en virtude das súas competencias, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Axencia Galega de Innovación convocan as axudas de apoio á etapa predoutoral para o exercicio 2025.

Na súa virtude, e no uso das atribucións conferidas,

#### ACORDO:

##### Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa predoutoral da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva. O obxecto do programa de apoio á etapa predoutoral é outorgarlles axudas ás universidades públicas do SUG (cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións públicas de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur) e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia, que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutoras e doutores nos seus centros (códigos de procedemento ED481A para as universidades do SUG e IN606A para as demais entidades).



2. Este programa procura a formación de persoas investigadoras para a obtención do título de doutoramento e a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación dentro dun programa de doutoramento.

3. Co obxecto de que as persoas investigadoras destinatarias destas axudas poidan acadar a mención de doutora ou doutor internacional, de acordo co establecido no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, finánciense estadías de tres meses de duración no estranxeiro.

## Artigo 2. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as universidades públicas do SUG, os organismos públicos de investigación de Galicia, as fundacións públicas de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur) e os centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia, que asinen coas persoas seleccionadas neste programa un contrato predoutoral de duración determinada e con dedicación a tempo completo, en virtude do cal estas persoas quedarán vinculadas á institución onde desenvolvan a súa actividade, e ambas as partes asumirán as obrigas contractuais que deriven del e que, en todo caso, se adecuarán ao contido da solicitude de axuda.

2. A duración do contrato non poderá ser inferior a un ano nin exceder os catro, de conformidade co artigo 21.c) da Lei 14/2011. Se se concerta un contrato de duración inferior a catro anos, poderá prorrogarse sucesivamente sen que, en ningún caso, as prórrogas poidan ter unha duración inferior a un ano. Sen prexuízo do anterior, no suposto de que a persoa investigadora xa estivese contratada baixo esta modalidade e o tempo que reste ata o máximo de catro anos sexa inferior a un ano, poderá concertarse o contrato ou a súa prórroga polo tempo que reste ata os catro anos.

A actividade desenvolvida será avaliada anualmente pola Comisión Académica do programa de doutoramento durante o tempo que da súa permanencia no programa, e o contrato poderá resolverse no caso de non superarse favorablemente esta avaliación.

3. No caso de que a persoa contratada obteña o título de doutoramento, poderá acceder, dentro do contrato predoutoral, a un período de orientación posdoutoral por un período máximo de doce (12) meses, conforme o establecido no artigo 21.a) da Lei 14/2011, do 1



de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e sempre que a obtención deste título se produza durante o período de execución desta axuda.

4. Poderán acceder a estas axudas as entidades mencionadas no punto 1 deste artigo que presenten como candidatas a ser destinatarias delas persoas que cumpran, na data de peche da convocatoria, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea. Non obstante, as persoas non comunitarias poderán ser candidatas á axuda, aínda que para formalizar o contrato deberán contar cos permisos necesarios de permanencia no país. O número máximo de axudas que se concederán a cidadáns non comunitarios é o que se indica no artigo 4.2 desta orde.

b) Estar matriculadas nun programa oficial de doutoramento dunha universidade do SUG para o curso 2024/25. Esta matrícula terá que estar formalizada necesariamente a tempo completo antes da sinatura do contrato.

c) Acreditar que no momento da presentación da solicitude está en posesión do título oficial de mestrado. A data de expedición do título de mestrado debe ser posterior á data de expedición do título de grao licenciatura, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica, enxeñaría técnica, diplomatura ou equivalente en sistemas universitarios estranxeiros non adaptados ao Espazo europeo de educación superior (EEES), que cumpra co requisito da alínea d) deste artigo.

d) Que a data de finalización dos estudos que deron acceso ao programa de doutoramento indicado no anexo V –grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica, enxeñaría técnica, diplomatura ou equivalente en sistemas universitarios estranxeiros non adaptados ao Espazo europeo de educación superior (EEES)– sexa igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2021. Enténdese como data de finalización destes estudos a da superación da última materia para os completar. Esta data poderá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2018 nos seguintes casos:

1º. As persoas que na data de peche do prazo de presentación de solicitudes estean en posesión do título oficial dalgunha das especialidades recollidas no Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada.





2º. As persoas candidatas que acrediten fidedignamente que se encontraban de baixa maternal ou que tiñan a cargo menores de 6 anos entre o 1 de xaneiro encontraban 2018 e o 31 de decembro de 2020.

3º. As persoas candidatas cunha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

4º. As persoas que acrediten de forma fidedigna que interromperon os estudos por causa dunha enfermidade grave ou que se dedicaron á atención de persoas maiores da familia en primeira liña parental.

e) Contar no expediente académico cunha nota media mínima igual ou superior a 7,5, ou a 7 para as titulacións da rama de Enxeñaría e Arquitectura, calculada segundo o indicado no artigo 6.1.c).

No caso das persoas candidatas cunha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, a nota media mínima do expediente académico será de 6,5.

5. Non se admitirán como candidatas a ser destinatarias destas axudas as persoas que estean en posesión do título de doutoramento nin as persoas que fosen contratadas noutras convocatorias estatais ou autonómicas de concorrencia competitiva de programas predoutorais ou de doutoramento industrial, agás os programas predoutorais propios das entidades solicitantes. Inclúense nesta incompatibilidade as axudas predoutorais e as de doutoramento industrial da Xunta de Galicia.

No caso das persoas candidatas que foron seleccionadas noutros programas de axudas predoutorais e que non asinasen o contrato, deberán entregar unha xustificación da non aceptación da axuda e/ou renuncia ante o organismo correspondente, na cal figure a data en que se produciu.

### Artigo 3. *Conceptos subvencionables*

Estas axudas inclúen os seguintes conceptos:

1. O financiamento dun contrato predoutoral por un máximo de catro anos de duración. O contrato terá por obxecto a realización de tarefas de investigación. Así mesmo, o contrato terá por obxecto a orientación posdoutoral por un período máximo de doce meses, tal e como recolle o artigo 21 da Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. A duración do contrato non poderá ser superior a catro anos.



No caso particular das axudas ás universidades do SUG, estes contratos estarán cofinanciados parcialmente polo programa FSE+ Galicia 2021-2027, polo que se debe dar debido cumprimento á normativa específica que resulte de aplicación (en particular, á Orde TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027).

O cofinanciamento do FSE+ aplícase ao contrato e custos sociais deste. Para o cálculo do custo simplificado, empréganse os datos sobre salario para contratos predoutorais do Acordo do 29 de marzo de 2022, da Comisión Paritaria, polo que se modifica o acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela (DOG núm. 107, do 6 de xuño) e do Acordo do 8 de marzo de 2023, da Mesa Xeral de Negociación, polo que se modifica o acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación da Universidade de Santiago de Compostela (DOG núm. 75, do 19 de abril), coas correspondentes actualizacións retributivas e a cotización á Seguridade Social con cargo ao empregador, tendo en conta as bonificacións reguladas no artigo 27 do Real decreto lei 1/2023.

2. Un complemento anual por axuda destinado ás entidades beneficiarias para cubrir os gastos asociados á contratación e para o seguro durante o período de estadía (complemento 1).

3. Un complemento por axuda que recibirán as entidades beneficiarias, asociado á cobertura dos gastos de realización do programa de doutoramento polas persoas investigadoras (complementos formativos e titoría da tese de doutoramento) correspondente aos seguintes tres cursos de doutoramento: anos 2024/25, 2025/26 e 2026/27 (complemento 2). Este complemento non terá a consideración de salario.

4. As indemnizacións de fin de contrato.

5. Estadías de tres meses de duración no estranxeiro para que, de acordo co establecido no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, as persoas contratadas acaden a mención de doutora ou doutor internacional.

As estadías serán continuadas e terán que realizarse entre o 1 de outubro de 2026 e o 30 de setembro de 2027. O cómputo será por meses completos, que necesariamente terán que comezar o primeiro día do mes e finalizar o último día do mes correspondente. Asegurarán un grao de mobilidade e de internacionalización ao cal non se puidese acceder





por formación académica anterior ou por outros factores tales como residencia, país de orixe ou nacionalidade, e en ningún caso poderán ocasionar un atraso na finalización dos estudos de doutoramento.

No caso particular das axudas ás universidades do SUG cofinanciadas polo FSE+, debe darse debido cumprimento ás normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2021-2027.

#### Artigo 4. *Duración, número e importe das axudas*

1. As axudas terán unha duración máxima de catro anos e comezarán a desenvolverse desde o día 1 de setembro de 2025, incluído.

No caso de que, con anterioridade á formalización do contrato predoutoral, a persoa candidata desfrutase dalgunha axuda, pública ou privada, dirixida á súa formación predoutoral ou no marco do Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación, aprobado polo Real decreto 103/2019 (BOE núm. 64, do 15 de marzo), a duración da axuda desta convocatoria reducirase no tempo equivalente. A resolución de minoración corresponderá-lles á persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades, por delegación da persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e á persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Innovación, por delegación da persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación. Para tal efecto, as persoas candidatas propostas deberán comunicarlle ao órgano instructor correspondente, antes da sinatura do contrato, a través da entidade solicitante, a percepción doutras axudas, así como proporcionarlle calquera outra información que lles sexa requirida neste sentido. En ningún caso a axuda que se conceda poderá ter unha duración inferior a 24 meses, contados desde a data prevista de incorporación, é dicir, de inicio do contrato. A resolución será por separado para cada órgano de resolución.

2. O número máximo das axudas concedidas será de 102: 90 para as universidades do SUG e 12 para as demais entidades indicadas no artigo 2.1.

Do número total de axudas que se convocan, resérvanse 3 no ámbito das universidades do SUG e 1 no ámbito das demais entidades, para a contratación de persoas investigadoras cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %. De existiren axudas non cubertas no grupo de reserva, acumularanse ao grupo xeral.



O número máximo de persoas non comunitarias que poderán obter este tipo de axudas é de oito no ámbito das universidades do SUG e dunha no ámbito das demais entidades.

As axudas presentadas polas universidades do SUG distribuiranse entre as cinco ramas de coñecemento: Artes e Humanidades; Ciencias; Ciencias da Saúde; Ciencias Sociais e Xurídicas, e Enxeñaría e Arquitectura, de maneira que se garanta un mínimo de 12 axudas no ámbito das universidades do SUG para cada rama, sempre que o número de solicitudes o permita.

3. O importe máximo da axuda ao financiamento do contrato e dos custos sociais da primeira e segunda anualidade para cada axuda é de 24.600 € anuais; para ao terceiro ano é de 25.200 €, e de 30.600 € durante o cuarto ano. Durante o período de orientación posdoutoral, o importe máximo é de 31.500 €/ano. Estes importes só poderán ir destinados ao financiamento dos contratos das persoas seleccionadas, incluíndo os seus custos sociais.

No caso particular das axudas ás universidades do SUG cofinanciadas con FSE+, a xustificación realizarase a través da modalidade de custos simplificados segundo o previsto no Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, e, concretamente, conforme o artigo 53.1.b) do dito regulamento, custo unitario anual.

4. As estadias no estranxeiro, de tres meses de duración, terán un importe máximo de 6.000 € (complemento estadias), en función do destino desta, de acordo coa seguinte desagregación:

a) Zona 1: 2.000, se a estadia se realiza en Portugal ou Andorra.

b) Zona 2: 4.000 €, se a estadia se realiza en Europa (agás Portugal e Andorra), África ou América, agás os Estados Unidos de América e Canadá.

c) Zona 3: 6.000 €, se a estadia se realiza nos Estados Unidos de América, Canadá, Asia ou Oceanía.

Unicamente por circunstancias excepcionais sobrevidas, correctamente xustificadas, poderán modificarse a zona da estadia concedida e as datas de desenvolvemento desta dentro do período regulado no artigo 3.6 desta orde, agás polos motivos sinalados no artigo 20, sempre que non supoña incremento do orzamento asignado, logo da solicitude e do informe favorable da entidade en que a persoa está contratada, e coa autorización expresa da Secretaría Xeral de Universidades ou da Axencia Galega de Innovación, segundo corresponda.



Durante o período de estadía, a entidade beneficiaria terá que subscribir para cada persoa investigadora un seguro de accidentes, de responsabilidade civil e, cando se trate de países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto sexan insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros deberán cubrir o período total de estadía efectiva.

5. Establécese un complemento de 1.000 € anuais para as entidades beneficiarias por axuda para cubrir os gastos asociados á contratación e para o seguro durante o período de estadía (complemento 1).

6. Establécese un complemento de 800 € no primeiro ano de contrato e de 400 € no segundo ano de contrato, que recibirán as entidades beneficiarias para cubrir os gastos das persoas candidatas por cursaren o correspondente programa de doutoramento (complemento 2). Estas cantidades seranlles entregadas polas entidades beneficiarias, na correspondente anualidade (segundo a periodización de anualidades establecida no cadro do artigo 16.5 desta convocatoria), ás persoas candidatas contratadas e non terán, en ningún caso, a consideración de salario.

No caso de que, por causa dunha renuncia antes do día establecido no artigo 20.2, se produza unha nova adxudicación procedente das listas de espera, os complementos indicados neste número e no anterior (complementos 1 e 2) pasarán a formar parte do orzamento concedido á entidade beneficiaria da nova axuda.

7. En aplicación do artigo 21, letra e), da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, ao remate do contrato por expiración do tempo convidado, a persoa traballadora terá dereito a percibir unha indemnización de contía equivalente á prevista para os contratos de duración determinada no artigo 49 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. Para cubrir o custo da indemnización ao remate do contrato, incluírase unha axuda total de 3.500 euros.

8. Se a entidade beneficiaria formaliza un contrato que implique unha contía superior á estipulada deberá achegar a diferenza.

9. Non lles serán exixibles á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e á Axencia Galega de Innovación en ningún caso máis obrigas que o cumprimento das condicións da subvención ou axuda nos termos sinalados nesta convocatoria.



10. No caso das universidades do SUG, para que estes contratos sexan financiados será preciso que as persoas contratadas permanezan un mínimo de tres meses no programa.

11. Os importes das axudas anuais indicadas anteriormente, cando así proceda, modificaranse proporcionalmente en función do número de meses de contrato.

#### Artigo 5. *Forma e lugar de presentación de solicitudes*

1. As entidades solicitantes presentarán as solicitudes de xeito individualizado para cada unha das persoas candidatas propostas. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado anexo II ED481A, para as universidades do SUG e anexo II.bis IN606A, para as demais entidades indicadas no artigo 2, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes, poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Así mesmo, será necesaria a sinatura electrónica con certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados dos documentos que deban asinar os representantes das entidades solicitantes e as persoas candidatas propostas.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no DOG. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. O prazo dun mes para a presentación de solicitudes é común para os dous procedementos.

3. Cada persoa soamente poderá ser presentada como candidata por unha entidade, sempre e cando cumpra os requisitos exixidos. De se presentar máis dunha solicitude da mesma entidade coa mesma persoa candidata terase en conta a última solicitude presentada e considéranse as outras solicitudes como desistidas.



4. Se opta á axuda para estadias, deberá indicar este aspecto e a zona a que pertence o país de destino da estadia no punto sinalado no formulario de solicitude (anexo II ou anexo II.bis). Se non se indica a zona, considerarase que a persoa candidata non solicita a axuda para este concepto.

5. Como se trata dun procedemento de concorrencia competitiva, non se admitirán melloras da solicitude referidas a novos méritos transcorrido o prazo de presentación destas. A valoración e priorización das solicitudes levaranse a cabo exclusivamente en relación coa información e documentación achegada nestas, nas melloras realizadas en prazo e en resposta aos requirimentos oportunos ou ás situacións ou méritos non acreditados suficientemente, indicados nas listas de solicitudes admitidas e excluídas.

#### Artigo 6. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación, que é a mesma para ambos os procedementos:

a) Declaración asinada pola persoa candidata a ser destinataria da axuda (anexo III), na cal conste:

– Que presenta a súa candidatura a través dunha única entidade solicitante.

– Que non foi contratada noutras convocatorias estatais ou autonómicas de concorrencia competitiva de programas predoutorais ou de doutoramento industrial. Inclúense nesta incompatibilidade as axudas predoutorais e as de doutoramento industrial da Xunta de Galicia. Non se inclúen nas incompatibilidades os programas predoutorais propios das entidades solicitantes. No caso das persoas seleccionadas pero non contratadas noutros programas de axudas predoutorais, deberán entregar unha xustificación da non aceptación da axuda e/ou renuncia ante o organismo correspondente, na cal figure a data en que se produciu.

– Que non ten o título de doutoramento.

– Que se compromete a manterse en contacto coa entidade beneficiaria destas axudas e, de ser o caso, coa Administración concedente, unha vez rematado o período da axuda, con fins estatísticos.

b) Declaración da persoa designada para dirixir ou codirixir a tese (anexo IV).



c) Certificación da universidade en que está matriculada a persoa candidata, asinada pola persoa titular do vicerreitorado competente en materia de investigación ou persoa en quen delegue (anexo V), na cal se fagan constar os seguintes aspectos:

1º. Programa de doutoramento en que está matriculada a persoa candidata no curso 2024/25.

2º. Título de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica, enxeñaría técnica, diplomatura ou equivalente en sistemas universitarios estranxeiros non adaptados ao EEES empregado para formalizar a matrícula no programa de doutoramento, universidade e campus onde se cursou, data de finalización e número de créditos superados.

3º. Título oficial de mestrado da persoa candidata.

4º. Nota media, aproximada a catro decimais, coa cal se concorre a esta convocatoria, calculada de acordo cos seguintes criterios:

– No caso de ensinanzas conducentes á obtención do título universitario oficial español de licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou graduado/a nun grao de polo menos 300 créditos, valorarase a totalidade dos créditos ou materias superadas.

– No caso de ensinanzas conducentes á obtención do título de graduada ou graduado de menos de 300 créditos, diplomada ou diplomado, enxeñeira técnica ou enxeñeiro técnico, arquitecta técnica ou arquitecto técnico e mestra ou mestre, a nota media realizarase tendo en conta estes estudos máis a totalidade dos créditos superados no mestrado ou equivalente. Débense ter completado, polo menos, 300 créditos no conxunto dos estudos universitarios de grao ou primeiro ciclo e de mestrado ou equivalente. O cálculo realizarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$(X \cdot C1 + M \cdot C2) / (C1 + C2)$$

Onde:

X: nota media obtida no grao ou no primeiro ciclo.

M: nota media obtida no mestrado ou equivalente.

C1: créditos superados no grao ou no primeiro ciclo.

C2: créditos superados no mestrado ou equivalente.





– A nota media do expediente académico para títulos obtidos en sistemas universitarios estranxeiros debe calcularse de acordo co disposto na Resolución do 18 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades pola que se actualiza a relación de escalas de cualificación dos estudos ou títulos universitarios estranxeiros e as equivalencias ao Sistema de cualificación das universidades españolas, publicadas polas resolucións do 21 de marzo de 2016 e do 20 de xuño de 2016. A información pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://www.universidades.gob.es/equivalencia-de-notas-medias-de-estudios-universitarios-realizados-en-centros-extranjeros/>

A persoa candidata terá que tramitar a declaración de equivalencia da nota media de acordo con este procedemento e achegarlle á universidade en que está matriculada no programa de doutoramento, para o cálculo da nota coa cal se concorre á convocatoria. A verificación da declaración de equivalencia correspóndelle á universidade, que deberá revisar que os datos consignados nela coinciden cos do certificado presentado para lle dar validez a esta, polo que só será válida se está acompañada do certificado académico oficial orixinal, ou fotocopia compulsada e, se é o caso, da tradución correspondente.

En todos os casos a nota coa cal se concorre á convocatoria ten que estar adecuada ao Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, e tendo en conta os criterios sinalados no Protocolo de colaboración suscrito entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as tres universidades galegas para a valoración de expedientes académicos.

Se a nota media certificada non ten os catro decimais, considerarase que os díxitos que faltan son zeros ata completar os catro díxitos decimais.

d) Aprobación do proxecto de tese pola Comisión Académica do programa de doutoramento da universidade do SUG na cal a persoa candidata está matriculada. Deberá constar o título da tese de doutoramento.

e) Documentación que acredite os supostos de excepcionalidade previstos no artigo 2 sobre as datas de finalización dos estudos, se é o caso.

f) Se non está expedido pola Xunta de Galicia, certificado que acredite o grao de discapacidade da persoa candidata.



g) Proxecto de traballo de investigación que se vai realizar para a obtención do grao de doutor/a, cunha extensión máxima de 4.000 palabras, asinado pola persoa investigadora e pola persoa designada para dirixir a tese, no cal consten especificamente, polo menos, un índice e epígrafes específicos cos seguintes aspectos:

- Obxectivos e contidos básicos do traballo.
- Metodoloxía.
- Planificación temporal.
- Transferencia de resultados.

A omisión no proxecto dalgún dos aspectos citados implicará que se requirirá a súa emenda.

O proxecto de traballo deberá estar redactado en galego ou castelán. Se o documento orixinal está redactado noutro idioma distinto, deberá xuntarse unha tradución deste.

2. Ademais, para acreditar os méritos que se aleguen dos recollidos no artigo 10, polo que se regulan os criterios de selección das solicitudes, haberá que achegar a seguinte documentación, segundo o caso:

a) Certificación asinada pola persoa competente (a persoa titular do vicerreitorado competente en materia de investigación, ou persoa en quen delegue, ou ben a persoa responsable do organismo/centro de investigación respectivo), referida á persoa designada para dirixir ou codirixir a tese, na cal se fagan constar os seguintes aspectos:

1º. No caso de solicitudes presentadas por unha universidade do SUG, indicación do grupo, agrupación estratéxica ou centro de investigación a que pertence a persoa designada para dirixir ou codirixir a tese, e convocatoria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a través da cal obtivo financiamento, ou de que está integrado nunha unidade de excelencia María de Maeztu ou nun centro de excelencia Severo Ochoa radicados en Galicia e con axuda vixente, ou de que forma parte do equipo de investigación dunha persoa investigadora contratada pola Axencia Galega de Innovación no marco do programa Oportunus, ao abeiro do Decreto 64/2016 (DOG número 112, do 14 de xuño), polo que se regula o réxime de contratación pola Axencia Galega de Innovación de persoal investigador baixo a modalidade de persoal investigador distinguido, ou nun equipo de investigación do cal forme parte unha persoa investigadora beneficiaria



dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC), ou a pertenza a un campus de especialización acreditado pola Xunta de Galicia.

2º. No caso das demais entidades solicitantes indicadas no artigo 2.1, que a persoa designada para dirixir ou codirixir a tese cumpra algún dos seguintes requisitos, indicando a referencia (código de procedemento, número de expediente, título de proxecto e tipo de participación nel) que permita identificar a axuda específica:

– Ter participado no desenvolvemento de proxectos concedidos pola Axencia Galega de Innovación para a realización de actividades de I+D+i entre os anos 2021 e 2024.

– Ter sido beneficiario de actividades financiadas pola Axencia Galega de Innovación entre os anos 2021 e 2024.

– Que forme parte do grupo de investigación unha persoa investigadora beneficiaria dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC).

– Ter sido a persoa investigadora principal dalgún proxecto concedido polo Plan nacional de I+D+i entre os anos 2021 e 2024. A entidade beneficiaria deste proxecto, ou proxectos, deberá ser a mesma que a entidade solicitante destas axudas.

– Ter participado no desenvolvemento dalgún proxecto concedido polo Programa marco de I+D da Unión Europea, entre os anos 2021 e 2024, no cal a entidade solicitante participase en calidade de socio.

– Ter participado no desenvolvemento dalgún proxecto concedido polo Programa marco de I+D da Unión Europea, entre os anos 2021 e 2024, no cal a entidade solicitante participase en calidade de líder.

A omisión da selección dalgún dos aspectos citados suporá que o número 2.a) non será puntuado.

Se a persoa designada para dirixir ou codirixir a tese non cumpre con ningún destes requisitos, non será necesario achegar este documento.

b) Memoria da adecuación do proxecto de investigación a un dos retos da Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3 Galicia), de acordo no indicado no anexo I desta orde, asinada pola persoa candidata e pola persoa designada para dirixir a tese. Nesta memoria deberán constar, de forma obrigatoria, a totalidade dos seguintes



aspectos e deberá presentarse conforme o modelo facilitado na web da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación:

1. Título do proxecto de investigación.
2. Resumo do proxecto de tese de doutoramento (cun máximo de 150 palabras). O texto deberá visualizarse de forma completa e lexible na memoria final asinada.
3. Reto.
4. Prioridade.
5. Ámbito de priorización correspondente ao reto indicado (en relación co reto e coa prioridade seleccionados).

O contido das listas despregables do citado modelo en ningún caso deberá ser alterado.

A omisión dalgún dos aspectos citados suporá que esta memoria non será puntuada. Xunto con esta memoria, coas súas sinaturas correspondentes, deberá ser presentado, ademais, un arquivo informático á parte co formato .ods da aplicación Calc da suite ofimática LibreOffice de contido exactamente igual ao da memoria presentada.

c) Certificado do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira, no cal figure expresamente o nivel acadado de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas. Só serán aceptados os títulos ou diplomas recoñecidos segundo a Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería (DOG núm. 128, do 7 de xullo) ou normativa modificativa.

d) Acreditación de ter concedida unha bolsa de colaboración nun departamento universitario do Ministerio de Educación e Formación Profesional e Deportes.

Para os efectos de control, as entidades convocantes poderán requirir a documentación complementaria que consideren necesaria para o desenvolvemento das axudas.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os docu-



mentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

#### 4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

3. No caso de que a persoa seleccionada perda a condición de contratada unha vez percibidas as axudas pola entidade correspondente, procederase consonte o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá comunicar a renuncia mediante escrito motivado da persoa seleccionada, dirixido á entidade financiadora (Secretaría Xeral de Universidades ou Axencia Galega de Innovación), dentro do prazo máximo de quince (15) días desde que se produza.

4. As entidades beneficiarias poderán solicitar a interrupción e a prórroga do prazo de execución da axuda correspondente ao tempo da suspensión dos contratos financiados, cando estas suspensións se produzan polas seguintes causas:

a) Nacemento.



- b) Adopción.
- c) Garda con fins de adopción ou acollemento.
- d) Risco durante o embarazo.
- e) Risco durante a lactación natural de menores de nove meses.
- f) Incapacidade temporal durante o embarazo por causas vinculadas con el.
- g) Incapacidade temporal por causas distintas ás do punto anterior, por un período mínimo dun mes.
- h) As situacións previstas no artigo 45.1.n) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, como medida de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual.
- i) E nos demais casos recollidos no artigo 21.c), parágrafos catro e cinco, da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

5. Cando se produza a suspensión do contrato pola concorrencia dalgunha destas situacións, as entidades beneficiarias poderán solicitar a interrupción e a prórroga do prazo de execución da axuda correspondente ao tempo de suspensión, no prazo de dez días hábiles desde que esa baixa se produza. No momento de reincorporación da persoa investigadora á actividade laboral, a entidade beneficiaria deberá achegar un informe onde se expresen o nome da persoa afectada, o seu número de expediente, as causas da suspensión, as datas da suspensión e as datas da prórroga do contrato.

6. O órgano concedente poderá solicitar os informes e a información que considere. A entidade beneficiaria correspondente deberá achegar o contrato ou o documento xustificativo da prórroga que cubra o dito período, no prazo dun mes desde a súa sinatura.

7. Cando se autorice a interrupción e a prórroga, non se considerarán subvencionables os gastos derivados da contratación nos cales poida incurrir a entidade beneficiaria (retribución salarial e cota patronal da Seguridade Social) durante o tempo da interrupción, polo que non se deben incluír nas certificacións de xustificación económica. A duración do contrato verase ampliada por un período idéntico ao da interrupción, para os efectos recollidos nesta convocatoria.



Esta autorización en ningún caso supón un aumento da contía da axuda concedida inicialmente. Calquera incremento no pagamento da cota patronal da Seguridade Social como consecuencia do período prolongado será por conta da entidade beneficiaria.

#### Artigo 21. *Dereitos e obrigas*

1. Son obrigas xerais da entidade contratante, sen prexuízo das derivadas da relación laboral que se estableza:

a) Cumprir as condicións e obrigas establecidas nesta convocatoria.

b) Manter unha pista de auditoría suficiente e manter de forma separada na contabilidade os ingresos da axuda percibida, así como os custos directos de persoal, e conservar toda a documentación relativa á subvención e ás persoas participantes, durante un período de tres anos.

c) Formalizar un contrato predoutoral de duración determinada con dedicación a tempo completo coa persoa candidata seleccionada.

d) No suposto previsto no artigo 2.3, deberá formalizar o contrato ou modificar o contrato existente, correspondente ao período de orientación posdoutoral, a partir do día seguinte ao do acto de defensa e aprobación da tese de doutoramento e enviarlle unha copia ao órgano instrutor no prazo de dez (10) días hábiles desde a súa formalización, xunto coa memoria de actividades para ese período.

e) Proporcionarlles ás persoas candidatas seleccionadas o apoio necesario e facilitarlles a utilización dos medios, instrumentos ou equipamentos que resultan precisos para o normal desenvolvemento da súa actividade.

f) Permitirlles ás persoas candidatas seleccionadas a súa integración naqueles departamentos en que leven a cabo o seu labor. Os centros onde se integren estarán obrigados a garantirlles os dereitos e as prestacións que ten o persoal do centro de similar categoría, co obxecto de que cumpran as súas obrigas.

g) Contratar un seguro de accidentes, de responsabilidade civil e, cando se trate de países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto sexan insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros deberán cubrir o período total de estadía efectiva.





h) Cumprir coas obrigas en materia de igualdade de xénero establecidas no marco normativo en vigor que lles sexa de aplicación e, moi especialmente, aquelas incluídas na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

i) Comprobar se a persoa candidata seleccionada xa desfrutou dun contrato predoutoral previo e a súa duración.

j) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular as enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i. Os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia. No marco do seguimento e avaliación da RIS3 Galicia, desenvolverase un seguimento específico das axudas concedidas. Este seguimento estará baseado na recompilación de información acerca dos resultados económicos e científico-técnicos obtidos polas entidades beneficiarias. Para tales efectos, durante a execución e ao finalizar a axuda (*ex post*), os beneficiarios deberán proporcionar información relativa a unha serie de indicadores, entre os cales se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

2. As persoas contratadas mediante estas axudas teñen as seguintes obrigas e dereitos:

a) Cumprir as condicións e obrigas establecidas nesta convocatoria.

b) Aterse ao réxime interno ou de funcionamento da institución na cal desenvolvan as súas actividades, especialmente no relativo ás condicións de traballo e ás normas de prevención de riscos laborais.

c) Presentar a memoria final do traballo realizado a que se fai referencia no artigo 22.3 desta convocatoria.

d) Ademais dos dereitos de carácter xeral que se sinalan no artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e no artigo 12 do Real decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación, as persoas contratadas mediante estas axudas teñen dereito a beneficiarse dos dereitos de carácter laboral, así como dos relativos á Seguridade Social, que deriven do contrato que formalicen coa entidade de adscrición.

e) Manterse en contacto coa entidade beneficiaria destas axudas e, de ser o caso, coa Administración concedente, unha vez rematado o período da axuda con fins estatísticos.



3. Son obrigas específicas de publicidade, tanto para as entidades beneficiarias como para as persoas contratadas, as seguintes:

Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007. En concreto, as entidades beneficiarias das axudas, así como as persoas contratadas con cargo a elas, deberán facer constar o cofinanciamento das actuacións con fondos da Xunta de Galicia. Para isto, nas accións de difusión, así como nos resultados da produción científica e calquera outra acción que se realice ao abeiro destas axudas, deberá figurar expresamente o cofinanciamento das actuacións con fondos do «Programa de axudas á etapa predoutoral» da Xunta de Galicia (Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou da Axencia Galega de Innovación, segundo sexa o caso), acompañado, sempre que sexa posible, do escudo normalizado da Xunta de Galicia.

4. Ademais, para o caso particular das axudas ás universidades do SUG cofinanciadas polo FSE+, establécense as seguintes obrigas para as entidades beneficiarias:

– Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con fondos do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

– Conservar todos os documentos xustificativos relacionados coa operación que reciba axuda do FSE+ durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión do programa FSE+ Galicia 2021-2027 efectúe o último pagamento ao beneficiario, nos termos establecidos no artigo 82 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

– Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021. En particular, de conformidade cos artigos 47 e 50 do dito regulamento, nos espazos en que se desenvolvan as actuacións contarán co emblema da Unión Europea xunto coa declaración «Cofinanciado pola Unión Europea». Igualmente, nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica equivalente con información sobre a operación nun lugar ben visible para o público. Tamén se fará unha breve descrición da actuación na páxina web e nas contas nos medios sociais, no caso de dispor delas, mencionando os obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión Europea. Ademais, en todos os documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da actuación, destinados



ao público ou ás persoas participantes, proporcionarase unha declaración que saliente a axuda da Unión Europea de xeito visible.

– Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do programa FSE+ Galicia 2021-2027, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, que incorporarán as correspondentes visitas sobre o terreo; ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

– Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento da prestación, que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de realización e de resultados previstos no artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2021/1057.

Os indicadores de realización relativos a cada persoa participante refírense á data inmediatamente anterior á do inicio da vinculación do/da dito/a participante coa actuación cofinanciada, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior ao remate da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación. Así mesmo, a Administración poderá requirir en calquera momento novos datos relativos á data en que se cumpran os seis meses desde que finalice a vinculación do participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no dito regulamento.

Para estes efectos, facilitaráselle á entidade beneficiaria o acceso á aplicación Participa2127 (<https://participa2127.conselleriadeconomia.gal/Participa2127>) e os oportunos cuestionarios, que terán que respectar o principio de integridade dos datos.

Para dar cumprimento a estes requisitos de información, as entidades beneficiarias deberán introducir os datos dos indicadores de realización e de resultados das persoas participantes na aplicación informática Participa 2127.



**Artigo 22. Control**

1. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Axencia Galega de Innovación poderán levar a cabo as actividades de inspección que consideren oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Antes do remate de cada ano de contrato, cada entidade remitirá o informe favorable da CAPD, no cal deberá constar o título da tese de doutoramento xunto coa proposta de renovación e a prórroga do contrato, de ser o caso. Xunto co informe da CAPD deberá achegarse o informe de actividades das persoas doutorandas que se achega á CAPD. Cada un dos órganos instrutores destas axudas, respecto dos expedientes tramitados por cada un deles, poderá solicitar unha avaliación que será realizada por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, en colaboración coa Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e será necesario obter unha avaliación positiva da actividade desenvolvida para continuar coa axuda.

3. Cando a persoa contratada abandone o programa, ben por renuncia ou por ter rematado o período de permanencia nel, a entidade beneficiaria remitirá unha memoria asinada pola persoa contratada e pola persoa directora ou codirectora da tese, segundo o indicado nos puntos 6 e 7 do artigo 16 destas bases, na cal consten os seguintes aspectos:

a) Data da lectura da tese de doutoramento ou a explicación do motivo de non a ter lido.

b) Indicación de se acadou a mención de doutor/a internacional ou non, no caso de ter desfrutado da axuda para estadía.

c) Breve resumo dos principais obxectivos de investigación acadados durante o contrato predoutoral.

d) Estadías ou ausencias temporais realizadas.

e) Melloras do currículo durante a etapa en que desfrutou da axuda.

4. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Axencia Galega de Innovación poderán solicitarlle un informe ás entidades beneficiarias sobre a execución das axudas e, en particular, sobre as persoas contratadas, a lectura da súa tese de doutoramento ou a explicación do motivo de non a ter lido, e a situación actual da persoa contratada. Este informe poderá ser solicitado durante os dous anos seguintes á data límite de xustificación da última anualidade, coa finalidade de comprobar o impacto das axudas concedidas.



5. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas, do Consello de Contas e doutros organismos que teñan atribuídas facultades de control sobre estes fondos.

6. Ademais, no caso particular das axudas ás universidades do SUG cofinanciadas polo FSE+, as entidades beneficiarias someteranse ás actuacións de comprobación e control e facilitarán toda a información requirida polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 74 a 80 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas o Tribunal de Contas, e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

### Artigo 23. *Dotación orzamentaria*

1. Esta orde tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro ano 2025, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia e en trámite parlamentario actualmente.

2. As axudas imputaranse ás aplicacións orzamentarias 07.02.561B.444.0, 07.A2.561A.403.0 e 07.A2.561A.481.0, correspondentes ao proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, coa seguinte distribución por anos:

| Entidade beneficiaria      | Nº axudas | Aplicación orzamentaria (e código de proxecto) | Crédito (en euros) |              |              |              |              |               |
|----------------------------|-----------|--|--------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|---------------|
|                            |           |  | 2025               | 2026         | 2027         | 2028         | 2029         | Total         |
| Universidades do SUG       | 90        | 07.02.561B.444.0 (2016 00129)                  | 177.765,83         | 315.189,90   | 810.898,12   | 178.969,72   | 389.306,93   | 1.872.130,50  |
|                            |           | 07.02.561B.444.0 (2023 00074)                  | 168.734,17         | 2.024.810,10 | 2.037.601,88 | 2.226.280,28 | 2.524.443,07 | 8.981.869,50  |
| Total universidades do SUG |           |  | 346.500,00         | 2.340.000,00 | 2.848.500,00 | 2.405.250,00 | 2.913.750,00 | 10.854.000,00 |



| Entidade beneficiaria                    | Nº axudas | Aplicación orzamentaria (e código de proxecto) | Crédito (en euros) |              |              |              |              |               |
|--|-----------|--|--------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|---------------|
|  |           |  | 2025               | 2026         | 2027         | 2028         | 2029         | Total         |
| Demais entidades indicadas no artigo 2.1 | 6         | 07.A2.561A.403.0 (2016 00004)                  | 23.100,00          | 156.000,00   | 189.900,00   | 160.350,00   | 194.250,00   | 723.600,00    |
|  | 6         | 07.A2.561A.481.0 (2016 00004)                  | 23.100,00          | 156.000,00   | 189.900,00   | 160.350,00   | 194.250,00   | 723.600,00    |
| Total outras entidades                   |           |  | 46.200,00          | 312.000,00   | 379.800,00   | 320.700,00   | 388.500,00   | 1.447.200,00  |
| Total convocatoria                       |           |  | 392.700,00         | 2.652.000,00 | 3.228.300,00 | 2.725.950,00 | 3.302.250,00 | 12.301.200,00 |

### 3. En relación co financiamento destas axudas:

a) A Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional só financiará as axudas que correspondan ás universidades do SUG, as cales se imputarán ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026. As axudas ás universidades do SUG estarán cofinanciadas, parcialmente nunha porcentaxe do 60 %, pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, dentro do obxectivo político 4: Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais; prioridade 3: Educación e formación; obxectivo específico ESO4.6: Promover a igualdade de acceso a unha educación e unha formación de calidade e inclusivas e a súa culminación, en particular para os colectivos desfavorecidos, desde a educación infantil, pasando pola educación e a formación xerais e profesionais, ata a educación superior, así como a educación e a aprendizaxe dos adultos; así mesmo, facilitar a mobilidade educativa para todos e a accesibilidade das persoas con discapacidade, e medida 3.F.01: Axudas á formación predoutoral.

As anualidades 2027, 2028 e 2029 integraranse no novo plan de financiamento para os anos seguintes.

b) A Axencia Galega de Innovación financiará as demais entidades do artigo 2, todas elas de natureza pública.

4. No caso da Axencia Galega de Innovación, a distribución de fondos e as aplicacións orzamentarias sinaladas son unha previsión que, de acordo co artigo 31 do Regulamento de subvencións de Galicia, se deberá axustar tras a valoración das solicitudes para adecuarse á proposta elaborada pola Comisión de Selección. Será posible mesmo a incorporación de novas aplicacións sen incrementar o crédito total, tendo en conta a natureza xurídica das entidades beneficiarias.





Neste sentido, o financiamento previsto nesta orde de convocatoria para os organismos públicos de investigación e as fundacións de investigación sanitaria de Galicia impútase, de forma xenérica, á aplicación orzamentaria 07.A2.561A.481.0, pero, unha vez elaborada a proposta de concesión por parte da Comisión de Selección para a tramitación dos documentos contables correspondentes, as aplicacións orzamentarias adecuaranse á natureza xurídica das entidades que figuren como seleccionadas na dita proposta.

5. O importe máximo inicial do crédito destinado aos programas e subvencións obxecto desta convocatoria poderá ser ampliado en función das solicitudes e das dispoñibilidades orzamentarias, nos supostos e nas condicións previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento do importe queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, de ser o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda e logo de informe favorable da modificación orzamentaria que corresponda por parte do organismo intermedio do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (actualmente, a Dirección Xeral de Cohesión e fondos Europeos). A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que iso implique a apertura dun prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

6. De acordo co disposto no artigo 2.1.1 da Comunicación da Comisión sobre o Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE C 414/1, do 28.10.2022), non se aplicará o disposto no artigo 107.1 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas previstas nesta orde, que se outorgarán a organismos de investigación para actividades non económicas. As entidades beneficiarias que, ademais de actividades non económicas, realicen tamén actividades económicas, deberán consignar por separado o financiamento, os custos e os ingresos respectivos.

7. Cando o organismo de investigación realice case exclusivamente actividades non económicas, poderá quedar excluído na súa totalidade do ámbito de aplicación do artigo 107.1 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, sempre que as súas actividades económicas sexan puramente accesorias, é dicir, que correspondan a unha actividade que estea relacionada directamente co seu funcionamento ou sexa necesaria para o funcionamento do organismo de investigación, ou estea estreitamente vinculada ao seu principal uso non económico, e teña un alcance limitado.

8. Considerarase que isto se produce cando as actividades económicas consomen exactamente os mesmos insumos (como material, equipamento, man de obra e capital fixo) que





as actividades non económicas e a capacidade asignada cada ano a estas actividades económicas non supera o 20 % da capacidade anual total da entidade de que se trate.

#### Artigo 24. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no seu artigo 3.1 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 25. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase a información necesaria á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

#### Artigo 26. *Loita contra a fraude*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco desta convocatoria poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 3 de abril, do citado servizo, no seguinte enderezo:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Paginas/ComunicacionSN-CA.aspx>

Mentres non se habilite outra canle específica para o programa FSE+ Galicia 2021-2027, os ditos feitos poderán pórse en coñecemento a través da seguinte ligazón:

<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>



**Artigo 27. Remisión normativa**

Esta orde sométese ao réxime de axudas públicas establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve.

No caso particular das axudas ás universidades do SUG cofinanciadas polo FSE+, é de aplicación e debe darse debido cumprimento á seguinte normativa específica: Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta, ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como ás normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e á Política de Visados; Regulamento (UE) nº 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 1296/2013, e na Orde TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

**Disposición adicional. Recursos**

Esta orde poderá ser impugnada mediante un recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Disposición derradeira. Entrada en vigor**

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional  
P.D. (Orde do 5 de xuño 2024)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de  
Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional



**ANEXO I**  
**Retos e prioridades da Estratexia de**  
**especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021/27**

| RETOS PARA TRANSFORMAR A ECONOMÍA E SOCIEDADE GALEGAS                             |  |
|---|--|
| RETO 1. Modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación |  |
| RETO 2. Modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento          |  |
| RETO 3. Modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación              |  |

| PRIORIDADES EN QUE ORIENTAR A INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN |  |
|--|--|
| Prioridade 1<br>Sustentabilidade                           | Desenvolver e aplicar diferentes solucións científico-tecnolóxicas e de innovación para avanzar na descarbonización das cadeas de valor, a sustentabilidade dos recursos naturais e patrimoniais de Galicia. Xerar oportunidades para a diversificación cara a produtos sustentables, competitivos internacionalmente e que melloren o benestar das persoas. |
| Prioridade 2<br>Dixitalización                             | Apoiar o desenvolvemento de tecnoloxías dixitais para impulsar o modelo industrial galego, a xestión e a prestación de servizos sanitarios e sociais de calidade, así como a xestión de recursos naturais e culturais.   |
| Prioridade 3<br>Enfoque cara ás persoas                    | Orientar os esforzos en I+D+i cara ás necesidades e o benestar das persoas. Consolidar Galicia como unha contorno de referencia mundial para o desenvolvemento e atestaxes de novas ortunidades e solucións innovadoras.   |

| Ámbitos de priorización                   |  |        |        |        |
|---|--|--------|--------|--------|
| Prioridade 1                              | Ámbito de priorización   | Reto 1 | Reto 2 | Reto 3 |
| Sustentabilidade                          | Biocombustible e enerxías renovables   | X      | X      |        |
|   | Biotecnoloxía agraria, mariña, industrial e ecolóxica  | X      | X      |        |
|   | Construción sustentable  |        | X      |        |
|   | Descarbonización das cadeas de valor   | X      | X      | X      |
|   | Desenvolvemento de téxtiles sustentables   |        | X      |        |
|   | Economía circular e simbiose industrial  | X      | X      |        |
|   | Eficiencia enerxética en procesos produtivos, en construción e en mobilidade   | X      | X      | X      |
|   | Materias primas, produtos, envases e embalaxes máis sustentables na cadea de valor alimentaria                                   | X      |        | X      |
|   | Mellora, preservación, xestión sustentable e posta en valor da biodiversidade  | X      |        |        |
|   | Mobilidade urbana e rural  |        | X      | X      |
| Turismo e patrimonio cultural sustentable | X  |        |        |        |
| Prioridade 2                              | Ámbito de priorización   | Reto 1 | Reto 2 | Reto 3 |
| Dixitalización                            | Administración pública dixital   |        |        | X      |
|   | Desenvolvemento de competencias dixitais e educación dixital   |        | X      |        |
|   | Desenvolvemento de propostas de valor ao redor dos recursos naturais, patrimoniais, culturais e turísticos                       | X      |        |        |
|   | Fabricación avanzada e intelixente   |        | X      |        |
|   | Redes intelixentes, flexibilidade e almacenamento enerxético   |        | X      |        |
|   | Saúde dixital  |        |        | X      |
|   | Soberanía tecnolóxica (desenvolvemento de coñecemento, tecnoloxías e aplicacións innovadoras propias)                            | X      | X      | X      |
|   | Tecnificación e dixitalización do sector primario (agricultura, gandaría e forestal, pesca e acuicultura) e da industria mineira | X      |        |        |
| Xerontotecnoloxías                        |  |        | X      |        |
| Prioridade 3                              | Ámbito de priorización   | Reto 1 | Reto 2 | Reto 3 |
| Enfoque cara ás persoas                   | Alimentación humana saudable e funcional   |        |        | X      |
|   | Deporte, para a promoción da autonomía persoal e mellora da calidade de vida   |        |        | X      |
|   | Desenvolvemento de téxtiles intelixentes para a saúde e o deporte  |        | X      |        |
|   | Economía prateada e dos coidados   |        |        | X      |
|   | Medicina de prevención, rexenerativa e de precisión  |        |        | X      |
|   | Novas solucións de hábitat e modelos de convivencia  |        |        | X      |
|   | Saúde animal: veterinaria e alimentación de precisión  | X      |        |        |
|   | Turismo saudable baseado en recursos naturais  |        |        | X      |




**XUNTA  
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO II

|   |   |                         |
|---|---|-------------------------|
| PROCEDIMENTO<br>AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL | CÓDIGO DE PROCEDIMENTO<br><b>ED481A</b> | DOCUMENTO<br>SOLICITUDE |
|---|---|-------------------------|

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**
**IDENTIFICACIÓN**

|                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|
| TIPO                 | NÚM.                 | PAÍS EMISOR          |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

RAZÓN SOCIAL

**ENDEREZO**

PAÍS

|                      |                      |                      |                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| TIPO                 | NOME DA VÍA          | NÚM.                 | BLOQ.                | ANDAR                | PORTA                |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

|                      |                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| CÓDIGO POSTAL        | PROVINCIA            | CONCELLO             | LOCALIDADE           |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

**CONTACTO**

|                      |                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| PREFIXO              | TELÉFONO 1           | PREFIXO              | TELÉFONO 2           |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

CORREO ELECTRÓNICO

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**
**IDENTIFICACIÓN**

|                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|
| TIPO                 | NÚM.                 | PAÍS EMISOR          |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

|                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME/RAZÓN SOCIAL    | PRIMEIRO APELIDO     | SEGUNDO APELIDO      |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil faciliitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

|                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|
| PREFIXO              | TELÉFONO MÓBIL       | CORREO ELECTRÓNICO   |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONALANEXO II  
(continuación)

## DATOS DA PERSOA CANDIDATA A SER DESTINATARIA DA AXUDA

## IDENTIFICACIÓN

|                      |   |                      |
|----------------------|---|----------------------|
| TIPO                 | NÚM.  | PAÍS EMISOR          |
| <input type="text"/> | <input type="text"/>                                    | <input type="text"/> |
| NOME                 | PRIMEIRO APELIDO  | SEGUNDO APELIDO      |
| <input type="text"/> | <input type="text"/>                                    | <input type="text"/> |
| DATA DE NACEMENTO    | SEXO  | NACIONALIDADE        |
| <input type="text"/> | <input type="radio"/> HOME <input type="radio"/> MULLER | <input type="text"/> |

## ENDEREZO

|                      |                      |                      |                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| PAÍS                 |                      |                      |                      |                      |                      |
| <input type="text"/> |                      |                      |                      |                      |                      |
| TIPO                 | NOME DA VÍA          | NÚM.                 | BLOQ.                | ANDAR                | PORTA                |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| CÓDIGO POSTAL        | PROVINCIA            | CONCELLO             | LOCALIDADE           |                      |                      |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |                      |                      |

## CONTACTO

|                      |                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| PREFIXO              | TELÉFONO 1           | PREFIXO              | TELÉFONO 2           |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| CORREO ELECTRÓNICO   |                      |                      |                      |
| <input type="text"/> |                      |                      |                      |

ESTUDOS UTILIZADOS PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA NO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

RAMA DE COÑECEMENTO

 ESTADÍAS (se non se indica a zona neste formulario, considerarase que a persoa candidata non solicita a axuda para estadia)

ZONA

 ZONA 1  ZONA 2  ZONA 3


**XUNTA  
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL**
**ANEXO II  
(continuación)**
**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**
**1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:**

- Esta entidade non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.
- Esta entidade solicitou e/ou se lle concederon, ou están pendentes de resolución de concesión, axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas; a saber:

| DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO | ESTADO (1) | IMPORTE (€) |
|---------------------------------|------------|-------------|
|                                 |            |             |
|                                 |            |             |
|                                 |            |             |

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE. No caso de solicitudes denegadas, farase constar DENEGADA.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que esta entidade non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Que esta entidade non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Que esta entidade está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

|                          |   |               |                   |            |
|--------------------------|---|---------------|-------------------|------------|
| <input type="checkbox"/> | Declaración da persoa candidata a ser destinataria da axuda (anexo III).  |               |                   |            |
| <input type="checkbox"/> | Declaración da persoa designada para dirixir ou codirixir a tese (anexo IV).  |               |                   |            |
| <input type="checkbox"/> | Certificación da universidade en que está matriculada a persoa candidata, asinada pola persoa titular do vicerreitorado competente en materia de investigación ou persoa en quen delegue (anexo V).   |               |                   |            |
